

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE MEIGAS DE LAS HOGUERAS DE SAN JUAN DE LA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DAS FOGUEIRAS DE SAN JUAN 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Meigas de la Hogueras de San Juan de La Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Festa das Fogueiras de San Juan 2019, e para a posta en marcha, durante a dita celebración, da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, utilizando para elo a marca creada a estes efectos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- A Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña e unha asociación sen ánimo de lucro constituída co fin de realizar todas aquelas actividades de carácter social e cultural que sirvan para potenciar e dinamizar os aspectos tradicionais da noite de San Xoan e o seu entorno festivo e etnográfico.

Cuarto.- A festa das Fogueiras de San Xoán da Coruña, declarada de interese turístico internacional no ano 2015, é un evento de prestixio que conxuga uns ritos ancestrais coas actividades lúdicas, e que mantén viva a tradición da noite de San Xoan, provocando a atracción de correntes turísticas á cidade da Coruña, e, en definitiva, a Galicia.

A mediados de maio, cada ano, dan comezo as actividades que conforman o programa das Fogueiras; un conglomerado de actos culturais, sociais, deportivos e populares, como a Festa do Aquelarre Poético, na que se ensalza a figura da Meiga Maior ou a Festa do Solsticio Poético, na que se fai o propio coa Meiga Maior Infantil, sirven de prólogo a mais dun mes cargado de actividades que terán como epílogo o tradicional Homenaxe á Bandeira.

Co paso dos días vanse ultimando os detalles para celebrar a Noite de San Xoan. Nas distintas Sociedades, nos bares dos barrios ou simplemente as peñas de amigos ou veciños preparan a sardiñada que se celebrará ao caer a tarde do 23 de xuño. Así mesmo, ás doce dese mesmo día, hora máxica por antonomasia, o lume de decenas de pequenas fogueiras proxéctase, iluminando a noite solsticial.



A partir de aquí, a festa vívese nas rúas, onde os mais xóvenes continúan hasta o amencer ou dase cumprida conta a outros ritos, relacionados coa fecundidade, propios desta noite.

Quinto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sexto.- Así mesmo, aproveitárase a citada celebración para desenvolver actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no que se recollen medidas tales como campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, ou actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, implicando ás entidades na elaboración de materiais, campañas e protocolos de actuación, que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre violencia sexual en espazos públicos, (medidas 26, 30 e 256 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Meigas de la Hogueras de San Juan de La Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



galicia

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

